



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Expediente: Axuda no Fogar
Acta da mesa de Contratación

APERTURA DOS SOBRES DE OFERTAS ECONÓMICAS - ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Ás 12.09 horas do día 13 de marzo de 2015, reúnese a mesa de contratación, no salón de plenos do concello, para proceder coa apertura dos sobres C de ofertas económicas, presentadas na adxudicación do contrato para o servizo de axuda no fogar do Concello de Boqueixón

ASISTENTES:

Presidente: Manuel Mouriño Varela

Vogais: M^a Dolores García Couto

Raquel García Fraga

Elena Suárez Rodríguez (secretaria - interventora do concello)

Xabier Canabal Fernández

Perfecto Barcala Mosquera

Secretaria: Adela Lamela Arteaga

Representantes das empresas:

Santiago Vázquez –Atendo Calidade, SL

Adriana Estévez – Barti Servicios 2009, SL

Eva M^a Rama Liste – Servital Servicios Sociosanitarios,SL

María Insua Bao- Clece,SA

Vanesa Reboredo Vázquez – Servicios Sociais Ulla Sar,SL

Félix Camiña Blanco – Servicios Sociais Ulla Sar, SL

Comeza a sesión falando a representante de Clece, SA, presente neste acto, dona María Insua Bao, dicindo que a súa empresa ten coñecemento de que foron excluídos do concurso, pero non foron notificados desta decisión. Segue dicindo que a empresa Clece,SA vai presentar un recurso ante o Tribunal central de recursos contractuais e que solicita que a sesión da mesa de contratación convocada para hoxe se suspenda mentres non se resolva o recurso que a súa empresa vai a plantexar.

Responde a secretaria do concello, dicindo que non se pode suspender a sesión que se ten que continuar co procedemento. No relativo á notificación, explica a Sra. secretaria, segundo se cita no art. 151.4 da lei de contratos, a notificación farase cando o órgano de contratación adxudique o contrato e será neste momento cando se expoñan os motivos dos candidatos que se excluiron ou descartaron.

Pregunta a sra. secretaria que si non foron notificados cómo se enteraron, ó que contesta a representante da empresa que chamaron ó concello e alguén llo dixo.

O sr. Canabal dí que na acta anterior, aparte de comentar que non estaba de acordo coa filosofía dos pregos, tamén dixo que non estaba de acordo con externalizar o servizo, e quere que conste en acta.

A continuación vaise abrindo a documentación que presentan as empresas relativa á oferta económica e ós criterios avaliados de forma automática:

Os prezos que se len son sen IVE

Servicios Sociais Ulla Sar,SL

Proposta económica

Prezo libre concorrència: 13.39 €/ hora

Prezo extraordinario: 14.04 €/hora

Prezo dependencia: 13.39€/hora

Prezo extraordinario:14.04 €/hora

Horas anuais prestacións específicas: 144 horas

Servizos de transporte adaptado: 32 servizos/ano

Consta a oferta de 52 hora ó ano sen custo algún para o concello en distintas tarefas que o Departamento de Servizos Sociais lles solicite.

Atendo Calidade, SL

Proposta económica

Os prezos coinciden co tipo de licitación:

Prezo ordinario de dependencia e libre concorrència: 13.48 €/hora

Prezo extraordinario de ambos servizos: 14.25 €/hora

Horas anuais prestacións específicas: 120 horas

Servizos de transporte adaptado: 32 servizos/ano

Barti Servicios 2009, SL

Proposta económica:

Prezo libre concorrència: 12.98 €/ hora

Prezo extraordinario: 13.25 €/hora

Prezo dependencia: 12.98 €/hora

Prezo extraordinario:13.25 €/hora

Horas anuais prestacións específicas: 48 horas

Servizos de transporte adaptado: non se pode valorar ó non constar o número de servizos. Tan só aparece reflectido o número de horas anuais (120 h/anuais)

Marine Bos Aires,SL

Proposta económica

Os prezos coinciden co tipo de licitación:

Prezo ordinario de dependencia e libre concorrència: 13.48 €/hora

Prezo extraordinario de ambos servizos: 14.25 €/hora

Horas anuais prestacións específicas: reflicten servizos como son, podoloxía, fisioterapia, et. pero non indican as horas anuais, senón que especifican o número de servizos. En cambio no apartado de actividades de formación, indican as horas de varios cursos que ofertan impartir sumando un total de 190 horas.

Para a valoración terase en conta este número de horas ofertadas para cursos.

Servizos de transporte adaptado: 6 servizos/ano

Servizos Sociais á Comunidade,SL

Proposta económica:

Prezo libre concorrència: 11.00 €/ hora

Prezo extraordinario: 12.00 €/hora

Prezo dependencia: 11.00 €/hora

Prezo extraordinario:12.00 €/hora

Horas anuais prestacións específicas:ofertan varios servizos entre os que se atopan, segundo o especificado nos pregos, fisioterapia, podoloxía e cursos de formación, sumando entre os tres 224 horas. Aparte sinala outras, que non se ateen ás do prego e que suman un total de 1.112 horas.

Servizos de transporte adaptado: non presenta oferta

Servital Servicios Sociosanitarios,SL

Proposta económica

Os prezos coinciden co tipo de licitación:

Prezo ordinario de dependencia e libre concorrència: 13.48 €/hora

Prezo extraordinario de ambos servizos: 14.25 €/hora

Horas anuais prestacións específicas: 120 horas

Servizos de transporte adaptado: 32 servizos/ano

Pedrosa y Rojas, SL

Proposta económica:

Prezo libre concorrència: 11.80 €/ hora

Prezo extraordinario: 13.80 €/hora

Prezo dependencia: 11.80 €/hora

Prezo extraordinario:13.80 €/hora

Horas anuais prestacións específicas: 120 horas

Servizos de transporte adaptado: 32 servizos/ano

Pimosa Servizos Integrais,SL

Proposta económica:

Prezo libre concorrencia: 13.20 €/ hora

Prezo extraordinario: 14.00 €/hora

Prezo dependencia: 13.20 €/hora

Prezo extraordinario: 14.00 €/hora

Horas anuais prestacións específicas: 30 horas

Servizos de transporte adaptado: 15 servizos/ano

O representante da empresa Servizos Sociais Ulla Sar, SL, revisa a documentación que presentou a súa empresa, ó advertir a mesa que non presentaban número de servizos de transporte adaptado para poder valorar. Ó final sí se presentaba pero o número atopábase cuberto pola estampa dun selo e había dificultades para lelo.

Despois de ter abertas todas as propostas e ir tomando nota dos datos, a mesa cree conveniente estudar e revisar de novo a documentación antes de facer ningún tipo de proposta.

O sr. Canabal comenta que non está de acordo en que as valoracións se fagan por número de horas ou número de viaxes, que isto se tiña que ter tido en conta cando se redactaron os pregos. Ó que se lle responde que agora non é o momento de facer este tipo de conxeturas posto que sería no momento da súa aprobación cando se deberían impugnar.


Dí tamén o sr. Canabal que as valoracións das expertas deberían xustificar as puntuacións que lle dan a cada empresa e o porque. Polo tanto decídese solicitar ó comité de expertas a xustificación das puntuacións que se adxudicaron a cada unha das empresas, motivando esta decisión.

Con todo isto, acórdase convocar unha nova mesa de contratación que se realizará o vindeiro xoves día 19 sobre as 14 horas.

Sen máis levántase a mesa ás 13.05 horas.

Despois de ler esta acta asinana tódolos membros da mesa, o que certifica


Vogal 1




Vogal 2




Vogal 4



Vogal 5



O Presidente



A secretaria

